



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Honras e distincións: nomeamento de fillo adoptivo do Concello de Pontedeume a don Manuel Pereira Abuín

ANUNCIO

Trámite de información pública da incoación do expediente de honras e distincións do Concello de Pontedeume a favor de don Manuel Pereira Abuín.

Sométese a información pública o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28.05.2026, no que entre outros establece:

ÚNICO: *Iniciar o procedemento e dar curso aos trámites necesarios conforme ao Regulamento de aplicación co fin do nomeamento de FILLO ADOPTIVO a favor de don MANUEL PEREIRA ABUÍN, como xusto recoñecemento á súa intachable traxectoria e ao inmenso legado de servizo de deixou na nosa comunidade .*

Concluída a información pública o xuíz instrutor do procedemento, a través da secretaria da corporación, elevará as súas actuacións ao Sr. Alcalde para que as propoña ao Concello Pleno.

O ditame final do instrutor concluirá cun criterio baseado na importancia dos méritos plenamente xustificadas, propondo a concesión ou denegación da recompensa solicitada, resolvendo, o Pleno do Concello, á vista do expediente e co voto favorable da maioría absoluta da Corporación.

O presente acordo sométese a información pública, atendendo ao establecido no artigo 21 do Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concello de Pontedeume publicado no BOP núm. 74 de 31.03.2003, con efecto do cumprimento do prazo de información pública durante un mes, coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local (La Voz de Galicia e Diario de Ferrol), durante o cal, ademais de aportarse a documentación xustificativa dos méritos, poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constatar os datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e adxerir a xustificación dos merecementos coas informacións, en orden ás evidentes constancias de servizos, feitos ou actuacións.

O que se publica, facendo saber que a presente resolución non esgota a vía administrativa por tratarse dun acto de trámite e que contra esta non procede interpoñer recurso ningún, sen prexuízo do disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pontedeume, 9 de setembro de 2026.

O alcalde.

Bernardo Fernández Piñeiro.

2026/6065